



**MEMORIA PARA A SINATURA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E OS CONCELLOS DE FRADES E CELANOVA PARA A MELLORA DUNHA INFRAESTRUTURA RURAL ORIENTADAS A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN.**

Agader é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego.

As funcións de Agader previstas nos seus comezos aparecen recollidas na Lei 5/2000, do 28 de decembro. Posteriormente modificáronse polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 (DOG núm. 244, do 17 de decembro), e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

De conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, entre as funcións da axencia están:

- Promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.

Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos singulares que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación que farán do medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista de posibilitar o acceso a servizos non existentes ata o de agora.

Agader pretende colaborar na posta en valor e no desenvolvemento de infraestruturas de ocio e sociabilización entre os veciños, así como de facilitar o desenvolvemento do territorio a través de infraestruturas que faciliten a comercialización agraria, que para o rural debe de ser sen dúbida uns dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos.





Con este convenio asegurámonos de ter, dentro das nosas posibilidades, os espazos necesarios para que poidan desenvolverse actividades que favorezan a mellora da calidade de vida da poboación do rural galego.

Agader ten especial interese no acondicionamento e/ou creación de infraestruturas de lecer orientadas a ofertar unha maior gama de servizos a poboación. Nos proxectos obxecto de intervención desenvolveranse un amplo programa de difusión, orientado a transformación da realidade social do concello que ao tratarse dun concello rural, coa realización do mesmo, garante que os veciños poidan acceder a mesma oferta de lecer, social ou cultural que os habitantes dos entornos urbanos.

A colaboración decídese en base a criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación, dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte á inversión destas características.

Nos proxectos obxecto de intervención desenvolveranse un amplo programa de difusión, orientado a transformación da realidade social do concello que ao tratarse dun concello rural, coa realización do mesmo, garante que os veciños poidan disfrutar dunha gama de servizos e infraestruturas de lecer ou que incidan na sociabilización dos mesmos co fin de crear un entorno rural axeitado para fixar poboación..

As actuacións que se levarían a cabo serían as seguintes en todos e cada un dos proxectos, aínda que en maior ou menor profundidade dependendo do elemento en cuestión.

- Obra civil para adecuación de edificio vello
- Mellora da accesibilidade
- Mobiliario e equipamento adaptado á tipoloxía do proxecto.





O Convenio a asinar serían os seguintes e coas contías indicadas:

CONCELLO	BREVE DESCRICIÓN	CANTIDADE
Frades	Acondicionamento de edificio multiusos	40.000,00 €
Celanova	Arranxo do mercado tradicional	40.000,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>80.000,00 €</b>

#### Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación e a colaboración decídese en base a criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación, dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte á inversión destas características.

Os proxectos que se pretender levar a cabo trala sinatura destes convenios teñen circunstancias común que os fan singulares dende o punto de vista dos termos que se regulan no artigo 26 da lei de subvencións de Galicia, tanto no ámbito do interese público, social e/ou económico e ademais xustificase de xeito claro a dificultade da súa convocatoria pública.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación e a colaboración decídese en base a criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas





existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación, dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte á inversión destas características.

**Proxectos que se propón conveniar:**

**Acondicionamento de edificio multiusos (FRADES)**

O proxecto ideado polo Concello de Frades vai no senso de buscar un lugar onde se poidan realizar múltiples actividades socioculturais xa non so aos veciños dos seu Concello senón a todos aqueles dos concellos cercanos que nos dispoñen dos servizos a ofrecer mais aló dos situados nas cidades.

O obxectivo está en converter un edificio existente, en practico desuso e de titularidade municipal nun lugar adaptado para sobre todo os mais novos.. Deste xeito, nun lugar como Frades onde a oferta lúdica non ten espazos para desenvolverse pretendese facer un edificio que conxugue a posta en marcha dunha biblioteca e unha aula informática e de emprego das TICs.

O concello de Frades non dispón de instalacións que oferten servizos públicos a estudantes para levar a cabo as súas actividades e moito menos a aqueles que dispoñen de problemas de mobilidade. Para elo, este proxecto está pensado con criterios de accesibilidade.

O proxecto non é polo tanto senlleiro pola súa características xa que non se olvida dende Agader de que estes proxectos existen en outras localidades pero si se entenden senlleiro polo feito de optar pola rehabilitación integral dun edificio existente e sen aproveitamento óptimo e polo feito de ser único no entorno aportando ao territorio unha oferta non existente. Estamos polo tanto ante un proxecto que oferta un novo servizo aos veciños e que permitirá un maior arraigamento ao territorio.

Este proxecto non podería ser atendido polas diferentes liñas de subvención en concorrencia competitiva xa que non se trata dunha nova construción de carácter non produtivo, senón dunha adecuación dun espazo existente aproveitando os materiais e as estruturas existentes, cousa que dificulta o seu acceso as liñas existentes. Así mesmo será novidoso no uso de





materiais de aislamiento tanto sonoro como de calor que fará do entorno un lugar apto para as actividades de estudio.

### **Arranxo do mercado tradicional de Celanova**

Segundos datos que se manexan no Concello de Celanova, nos últimos anos déronse entrada a unas medias de 40.000 coellos semanais no matadoiro municipal de Celanova, o que supón unha importante actividade económica para Celanova. Os datos poñen de releve a importancia e necesidade do matadoiro en Celanova sendo o único de referencia que queda na Baixa Limia e o sur de Ourense e que se precisa para levar a cabo a comercialización de principalmente coello do sur de Galicia (tamén actúan en Polos, gando vacún, etc..)

O Concello busca unha inversión para executar un proxecto que lle permita renovar o espazo e facer unha mellor xestión do mesmo, así como facilitar o traballo os seus usuarios. Nos últimos anos déronse circunstancias que están dificultando os traballos do persoal que alí presta os seus servizos e mesmo dificultáanse a superación das diferentes inspeccións de sanidade, consumo, etc...

Non existe en Galicia ningún outro matadoiro de titularidade municipal orientado a mata do coello e faise indispensable para o territorio ter o mesmo en condicións óptimas para o desenvolvemento da actividade.

A sostibilidade económica da zona depende polo tanto basicamente das explotacións cuniculas, que na súa gran maioría son de carácter familiar e de poder empregar o matadoiro municipal para a segunda fase da comercialización logo da cria. De ter que comercializar o coello (e outros animais) en outras localidades ou matadoiros privados, ao incrementarse os custes de traslado en exceso e supoñer na venta do gando unha perda de rendemento económico que neste momento as explotacións non se poden permitir.

As obras a realizar no matadoiro incidirán así mesmo, e o igual que durante a súa construción orixinal no respecto ao entorno e o medio ambiente que permita que o mesmo non sexa un elemento nocivo para o seu medio natural.





Trátase polo tanto de facer mais axeitado e conforme as novas esixencias do mercado tanto de produto como do mercado laboral un espazo necesario para o territorio e de carácter único ao ser o único galego destas características promovido por un Concello.

Cabe indicar da inexistencia de axudas públicas para traballos que se poden considerar de mantemento, mellora e/ou conservación de infraestruturas, xa que as mesmas soen estar orientadas a “obra nova”. De feito e a modo de exemplo cabe mencionar as axudas de fondos europeos (FEADER), cuxa principal condición normativa é precisamente que non sexan traballos de conservación.

**O rural das zonas a tratar verase reforzado polo tanto por estas actuacións que xunto co plan de difusión que os Concellos e propia Xunta de Galicia levarán a cabo no aproveitamento de ditos elementos converteranos nun lugar axeitado para establecer unha opción vital da poboación.**

Santiago de Compostela,

O director xeral de Agader

Miguel Ángel Pérez Dubois

